

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

RESOLUCIÓN do 27 de decembro de 2017, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2018.

Antecedentes:

Primeiro. A finais do ano 2011 as confrarías de pescadores Santiago Apóstol de Carril e Virxe do Carne de Rianxo presentaron os anexos I e II do Decreto 130/2011, do 9 de xuño, polo que se regula a pesca profesional da anguía nas augas continentais competencia da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 129, do 6 de xullo), e un plan de aproveitamento específico para a pesca da anguía na bacía do río Ulla para o ano 2012.

Segundo. A Dirección Xeral de Conservación da Natureza ditou a Resolución do 20 de febreiro de 2012 pola que se aprobou o Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2012 (DOG núm. 45, do 5 de marzo).

Terceiro. A Xefatura Territorial de Pontevedra ditou a Resolución do 8 de marzo de 2013, pola que aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2013 (DOG núm. 76, do 19 de abril), a Resolución do 3 de febreiro de 2014, pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2014 (DOG núm. 33, do 18 de febreiro), a Resolución do 3 de febreiro de 2015, pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2015 (DOG núm. 27, do 10 de febreiro), a Resolución do 14 de xaneiro de 2016, pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2016 (DOG núm. 20, do 1 de febreiro) e a Resolución do 12 de xaneiro de 2017 pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2017 (DOG núm. 21, do 31 de xaneiro) modificado por Resolución do 9 de febreiro de 2017 (DOG núm. 38, do 23 de febreiro).

Cuarto. Con datas do 18.10.2017 e 27.11.2017, as confrarías de pescadores Santiago Apóstol do Carril e Virxe do Carne de Rianxo solicitaron, respectivamente, a renovación do Plan de aproveitamento específico para a pesca da anguía na desembocadura do río



Ulla para o ano 2018 e achegaron a relación de embarcacións que desexan participar. A confraría do Carril propuxo 11 embarcacións e 24 tripulantes e a confraría de Rianxo 7 embarcacións e 13 tripulantes.

Quinto. Durante a tramitación do expediente de renovación, solicitouse informe á Consellería do Mar, quen, a través do seu Servizo de Planificación da Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico, emitiu informe favorable a renovación do plan de aproveitamento.

Sexto. Solicitouse informe á área de Espazos Naturais Protexidos do Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra, por quedar a zona de actividade parcialmente dentro do espazo natural protexido Sistema fluvial Ulla-Deza, que emitiu informe favorable de viabilidade sobre a proposta do plan.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. A normativa de aplicación para a resolución deste procedemento vén determinada polo Decreto 130/2011, do 9 de xuño, polo que se regula a pesca profesional da anguía nas augas continentais competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como pola Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial (DOG núm. 151, do 5 de agosto) e polo Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (DOG núm. 106, do 4 de xuño).

Segundo. O artigo 9 do Decreto 130/2011 dispón que se poderán renovar os plans de aproveitamento específico de anguía por períodos dun ano, sempre que se cumpran as condicións e informes previstos nos puntos dous e tres do dito artigo.

Terceiro. O xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é competente para resolver o expediente, de conformidade co disposto no artigo 9 do Decreto 130/2011 e no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG núm. 221, do 19.11.2015).

Resolución:

Visto o exposto nos antecedentes e fundamentos de dereito, acórdase a aprobación da renovación do Plan específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2018 que figura como anexo a esta resolución.



Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio no prazo de 1 mes desde a recepción, segundo o recollido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

Pontevedra, 27 de decembro de 2017

José Manuel González González
Xefe territorial de Pontevedra

ANEXO

Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2018

A. Artes de pesca.

a) A arte de pesca é a nasa-voitirón.

b) O tamaño da malla non será inferior a 14 mm, medidos en diagonal e mollada.

c) As artes de pesca de cada cacea deberán estar unidas por unha corda que levará en cada extremo unha boia de tamaño mínimo de 20 cm. Na de dimensións menores indícase o folio da embarcación que opera con ela.

d) As caceas deberán situarse en dirección paralela á corrente e non poderán cruzarse nin na canle nin no esteiro.

e) Programarase o tendido das artes de xeito que sempre quede libre un largo do río suficiente para o normal movemento das especies piscícolas migradoras.

B. Número de aparellos ou artes de pesca por persoa e xornada de pesca.

O número de artes de pesca que se empregará en cada unha das zonas descritas na letra b) deste anexo non poderá ser superior a dez (10) nasas-voitirón por tripulante, cun máximo absoluto de 80 por embarcación e por xornada de pesca. Non se poderá acumular o número asignado nunha zona a outra.

De conformidade co anterior, e con base no establecido no Plan de xestión da anguía en Galicia, ningunha embarcación poderá empregar máis de 80 nasas-voitirón ao día independentemente da zona de pesca (marítima ou fluvial).



C. Zonas dentro da bacía fluvial e períodos de pesca.

a) Zonas de pesca:

As zonas de pesca reflíctense no plano que se xunta, como anexo C.

Zona A (ou alta): tramo do río Ulla comprendido entre a ponte de Catoira, como límite superior e a liña recta imaxinaria que une punta Palleiro con punta Grandoiro, como límite inferior.

Zona B (ou media): tramo do río Ulla comprendido entre a liña recta imaxinaria que une punta Palleiro con punta Grandoiro, como límite superior e, como límite inferior, a liña imaxinaria que une praia Longa con punta Seveira.

Zona C (ou baixa): tramo do río Ulla comprendido entre a liña imaxinaria que une praia Longa con punta Seveira, como límite superior e, como límite inferior, a liña imaxinaria que une punta Seveira con punta Rebordexo e a súa continuación, bordeando a illa de Cortegada, ata o faro do dique do Carril, excluída a illa de Cortegada, como límite inferior.

b) Vedado:

A zona denominada O Cebal, cuxos límites se explican no seguinte parágrafo, permanecerá vedada para todo tipo de capturas con nasa voitirón, desde o 15 de xullo ao 15 de setembro, ambos incluídos.

Os límites xeográficos a que atinxe esta veda temporal reflíctense no plano de zonificación que se xunta como anexo C e son os seguintes:

a) Liña imaxinaria que une o lugar de Bamio (San Xens ou rampla do cemiterio) con punta Corveiro na illa de Cortegada.

b) Liña de costa da illa de Cortegada que une punta Corveiro con punta do Vao.

c) Liña imaxinaria que une punta do Vao coa zona superior dos viveiros do Carril.

c) Período de pesca:

Desde o día 1 de febreiro ata o 31 de outubro de 2018 nas tres zonas A, B e C.



D. Número previsto de días de actividade.

Entre 20 e 23 días ao mes, cun máximo de 197 días por tempada.

E. Horas de pesca diarias.

a) Con carácter xeral, os labores de pesca estarán comprendidos entre as 12.00 horas do luns e as 12.00 horas do sábado.

b) As nasas deberán ser levantadas e revisadas diariamente.

c) Deberanse baleirar as nasas o máis rápido posible para evitar a morte das capturas accidentais.

d) Queda prohibido ter máis dunha cacea sen baleirar na cuberta da embarcación.

F. Cotas de captura diarias ou por tempada de pesca e tamaño mínimo de captura.

a) Mantense a cota total autorizada da derradeira temporada para toda a frota, fixada nun máximo de 5.176 quilos por tempada para todas as embarcacións.

b) A dimensión mínima das anguías capturadas será de 20 cm.

c) Devolverase ao río calquera outra especie que entre nas nasas.

d) Só se autoriza a captura da anguía na fase do seu ciclo vital denominada «anguía amarela» e deberanse devolver á auga, inmediatamente despois da súa captura, todos os exemplares con signos externos propios da fase denominada «anguía prateada».

G. Relación de embarcacións e número de tripulantes autorizados no plan.

a) Autorízanse para faenar as embarcacións coas súas tripulacións que se relacionan no anexo A. En total autorízanse 18 embarcacións e 37 tripulantes, co que non se aumenta o esforzo pesqueiro, no que respecta ao número de tripulantes, adoptado no Plan de aproveitamento da anguía no río Ulla do ano anterior.

b) Mantense o criterio do pasado ano de limitar a un máximo de tres o número de tripulantes por embarcación.



H. Sistema de rexistro das capturas e de remisión de datos ao Servizo Provincial de Conservación da Natureza.

a) Con periodicidade mensual as confrarías deberán remitir os datos de extracción por especie e por días traballados, utilizando como modelo o que se xunta como anexo B, ao Servizo de Conservación da Natureza, vía fax (886 20 66 10) ou por correo electrónico ao enderezo caza.pesca.po@xunta.gal, xunto cos xustificantes de venda en lonxa.

b) Deberá indicarse no anexo B a procedencia das anguías capturadas, desagregando as capturas realizadas na zona marítima (M) dentro do Plan de pesca de anguía da Consellería do Mar, das capturas obtidas na zona fluvial (F), reguladas polo Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

A non inclusión de datos dalgunha das embarcacións no período estipulado terá como consecuencia a súa baixa do plan.

I. Mostraxes.

Durante o período de vixencia do plan, o persoal das consellerías competentes en materia de pesca marítima ou fluvial, poderá realizar, en calquera das embarcacións autorizadas, mostraxes para o control, seguimento e avaliación do plan. Os armadores deben colaborar de xeito que se permita acadar os obxectivos propostos. A falta de colaboración neste eido ocasionará a baixa definitiva no plan.

J. Sistema de comercialización das capturas e o seu control.

a) A comercialización farase exclusivamente na lonxa, coa obriga de entregar nelas a totalidade das capturas.

b) Mensualmente os participantes do plan teñen a obriga de remitir ao Servizo Territorial de Conservación da Natureza os xustificantes de venda en lonxa no mesmo lugar que o indicado na letra H.a).

K. Esta resolución queda condicionada ao estrito cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca, en particular o regulado na Orde do 31 de marzo de 2014 pola que se regula a comercialización en orixe de especies eurihalinas de interese comercial (DOG núm. 69, do 9 de abril).



L. Documentación acreditativa.

Antes do 30 de novembro de 2018 cada unha das confrarías deberá entregar a documentación orixinal (ou copia cotexada) correspondente a cada unha das embarcacións autorizadas, anexo B, de cada un dos meses de vixencia do plan e os correspondentes xustificantes de venda en lonxa.

M. Infraccións e sancións.

O incumprimento das condicións establecidas neste plan poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial.

ANEXO A
Relación de embarcacións e membros participantes no Plan de aproveitamento da anguía no río Ulla para o ano 2018

Confraría de pescadores Santiago Apóstol de Carril.

Embarcación	Matrícula	Participantes no plan
Ángeles	VILL-3ª-10.128	José Manuel Pesado Romay
		Juan Gabino Campos Taibo
		Tatiana Pesado Batalla
Auxiliar Pesado	VILL-3ª-8.707	Roberto Barreiro Pesado
		Gerardo Barreiro Pesado
Camba	VILL-3ª-9.952	Cándido Vidal Buceta
		Daniel Vidal Martínez
Eu	VILL-3ª-10.223	Ramón Barreiro Blanco
		María Manuela Outeiral Fandiño
		Juan Francisco García Cameán
Gima	VILL-3ª-4.092	José Barreiro Blanco
		Carmelo Campos Taibo
María del Carmen	VILL-3ª-2.652	Alfonso Barreiro Ferreirós
		Ana Belén Vázquez López
Porto	VILL-3ª-10.131	Rafael Ozores Grande



Embarcación	Matrícula	Participantes no plan
Tami Uno	VILL-3ª-3-2-08	José Ángel Pesado Taibo
		Alejandro Pesado Taibo
Tilocha	VILL-3ª-9.440	Antonio Pesado Romay
		Marcos Pesado Portas
		Mª Carmen Portas Gago
Vicenta	VILL-3ª-10.156	Miguel Barreiro Blanco
		Miguel Ángel Campos Taibo
Xurxo	VILL-3ª-8-91	José Manuel Diz Álvarez
		María Begoña Gerpe Jamardo

Total: 11 embarcacións-24 tripulantes

Confraría de pescadores Virxe do Carme de Rianxo.

Embarcación	Matrícula	Participantes no plan
Conde I	3ª VILL-3-9902	José Ángel Somoza Eiras
		Serafín Rubio Collazo
Curota	3ª VILL-3-4-02	Manuel Vidal Galbán
		Eloy Vidal Galbán
		Mª Vanesa Pérez Abuín
Espada	3ª VILL-3-9473	Jorge Rubio Collazo
		Javier Collazo Moares
Paraná	3ª VILL-3-12-96	José Luis Silva Conde
Peruco	3ª VILL-3-9-98	Juan Bautista Vicente Romero
		Juan Vicente Patiño
Somos Dos	3ª VILL-3-9651	Manuel Cespón Fungueiriño
Xoana	3ª VILL-3-13-92	Juan Diego Tembra Domínguez
		Cristina Ces Ordóñez

Total: 7 embarcacións-13 tripulantes



ANEXO B
Plan de aproveitamento da anguía na desembocadura do río Ulla (ano 2018)

Declaración diaria de capturas por embarcación

Nome da embarcación _____ MES _____

Nº CFPO _____

Matrícula e folio _____

Día	Número de tripulantes	Número de nasas empregadas	Zona de extracción (1)	kg

(1) Indicarase a procedencia das capturas:

- M, para as capturadas na zona marítima
- F, para as capturadas na zona fluvial

O armador da embarcación

Asinado:

CVE-DOG: i176vhn3-x9t3-qoz3-m6w0-pyujp8aubbe1



ANEXO C
Plano de zonificación



Zona A (alta)	Ponte de Catoira	RÍO ULLA - PESCA DA ANGUÍA - 2018	
Zona B (media)	Liña punta Palleiro-punta Grandeiro	Vedado do CEBAL	Rampla do cemiterio de Bambio – Punta Corveiro-liña de costa – Punta do Vao-zona superior dos viveiros do Carril
	Liña punta Seveira-praia Longa		
Zona C (baixa)	Liña punta Seveira-punta Rebordexo e, bordeando a illa de Cortegada, que queda excluída, ata o faro do dique do Carril	Cartografía IGN25 - Cuadrícula 1 km	

CVE-DOG: lj76vhn3-x9t3-qoz3-m6w0-pyujp8aubbe1

